

Estación de arte rupestre do
OUTEIRO DOS LAMEIROS
Santa Cristina da Ramallosa (Sabarís. Baiona)



Visita guiada da man de **Mociño de Camos**, do “**Proxecto Terraescola**”

CEIP Mallón. Equipo de Dinamización da LINGUA GALEGA
Val de Miñor, novembro 2022

-
- BARREIRO VILAS, Pilar
 - CENTELLES GARCÍA, Bruno
 - MANSO DE LA TORRE, Xilberte
 - MÉNDEZ QUINTAS, Eduardo
 - VILAR PEDREIRA, Xosé Lois

INSTITUTO DE ESTUDOS MIÑORÁNS (IEM)
Proxecto TERRAESCOLA

Val de Miñor, maio 2014





As Melloras Imaxes Gravadas en Pedra do Mundo



Vase Campaniforme


À tardiña **MOCIÑO** regresaba cos amigos do soto de cortar uns pés dereitos de castiñeiro novo. Estaban facendo unha cabana para súa irmá, que ía casar. Como aínda non sabían facer ladrillos nin tellas, a nova casa

construíana chantando postes en buracos que facían no chan. Teñaban con xestas, palla ceitea, palla triga. As regañas que quedaban entre poste e poste tapábanas con barro para que non lles entrase frío nin chuvia, nin moita calor.

Dentro das casas, no chan, tiñan unha lareira onde cociñaban en cacharros de barro; a un lado gardaban o gran en cacharros máis grandes. Cando lles compría facer as papas do neno ou uns moletes de pan, moían o gran nunhas pedras lisas, refregando con outra pedra porriba.



Diferentes imaxes de arte rupestre en Galicia



Rula, a avoiña, estaba a fiar a la que tosqüiaran no verán, para logo tramar co liño que gardaban en meadas para tecer no tear. ¡Que pezas de roupa máis xeitosas!, combinadas coa pulseira de ouro para o día da voda da irmá de **MOCIÑO**.

—¿Sabedes onde hai máis ouro?
—No enterramento do anterior xefe do poboado.

A **MOCIÑO** contáronlle que fora enterrado con fochas de punta de sílex do trinque, vaxela decorada, uns machadiños de pedra puída e unha diadema de ouro.

Descargaron os pés dereitos de castiñeiro e as machadas de pedra e buliron Mociño e os seus amigos a contarlle a Rulo, o avó da aldea, que viran unha manda de cervos no fondo do bosque. Rulo estaba pola banda de riba do poboado gravando a última alabarda que acompañaba as espadas, puñais e escudos na laxe guerreira da paz e a amizade. Estaba a contarlle aos nenos o da xuntanza dos xefes diante da laxe na próxima lúa, cando a nai de **MOCIÑO**, que viña da leira cun feixe de verzas para a cea, chamou polo fillo para que fose muxir a vaca á corte.



Peixe de Ouro do tesouro de Coides de Riba

VOCABULARIO

MUÑO NAVICULAR: O gran que recolectaban: trigo, orzo, ceitea... tiñan que converterlo en farfala para facer pan ou paxina e comestible. Para iso trababan unha pedra cun man sobre o gran e unha dousda pedra alargada chamada dumine. Realizaban un movemento abaxante-atacía ata converterlo gran en farfala.

PETROGLIFO: Son pedras de granito nas que a xentes gravaron figuras de animais, cervos sobre todo, arimas, círculos, cordóns, labirintos, espirais ou uns burraquillos chamados cavillos. Gravaban con outra pedra máis dura cós granitos.

MACHADOS: para ferir-las adores no bosque e así obter leña para queimar e producir calor ou cocer. Botaban abaixo os árbores para crear zonas carentes no bosque e zonas para cultivar de de pasto para os animais que así podían case. Feen de pedras especiais, duras e duras que se podía chatear fío cortante.

SÍLEX: É unha pedra especial, non moi abundante en Galicia de distintas cores e coa que se facían ferramentas de traballo ou de caza (puntas de flecha, cotochos).

CABANA: Os nosos devanceiros vivían en cabanas que construían con palla e tocos de árbores e arbustos, tapadas as regañas con barro para que non entrara a chuvia nin o frío e non escapara o calor. Por fóra, o redor levan ambas canteis para evacuar-las augas. O teito era de madeira e palla.

OURO: Tanto o ouro como a prata e logo a chegada do cobre e o bronce son bens escasos, materiais difíciles de conseguir, polo tanto moi caros. Que os sexen demostra riqueza e poder por iso aparecen nos túmulos da xente máis rica.



PUNTA DE FRECHA



COLEXIO PÚBLICO DE ENSINO PRIMARIO DA CRUZ. CAMOS. NIGRÁN

Concellería de Educación

Ola!
Chámome Mociño, son de Camos e vóuvos contar a historia da HISTORIA



COLEXIO PÚBLICO DE ENSINO PRIMARIO DA CRUZ. CAMOS. NIGRÁN

Concellería de Educación

COLEXIO PÚBLICO DE ENSINO PRIMARIO DA CRUZ. CAMOS. NIGRÁN

Concellería de Educación



OUTEIRO DOS LAMEIROS



Os gravadores de petróglifos deixamos unhas mostras magníficas da nosa arte no Val Miñor -territorio no que vós vivides agora-.

Nos distintos montes do Val (Serra da Groba, Serra do Galiñeiro...) hai gravados moi interesantes, destacando especialmente os da zona coñecida como OUTEIRO DOS LAMEIROS (lugar emprazado nun dos socalcos naturais da Serra da Groba, no que extreman as parroquias de Baiña e Santa Cristina da Ramallosa -do concello de Baiona-).

Nas seguintes fotos podedes observar a beleza paisaxística do entorno.

iem




ESTACIÓN ARQUEOLÓGICA DO OUTEIRO DOS LAMEIROS


Atopámonos a 186 metros sobre o nivel do mar nunha zona de portela entre O Outeiro dos Lameiros polo norte e O Outeiro do Ceboleiro polo sur. Nesta zona hai máis de trinta superficies con petróglifos gravados desde hai uns 4000 anos até remates do século XX. O xacemento arqueolóxico foi descuberto en febreiro de 1984. É un lugar para a representación artística e foi canteira, lugar de paso de camiños, pasto, sitio para aproveitamento de leña e estrume, extrema entre parroquias e devesa real para produción de madeira para o rei, de aí que a tomada (terra acoutada) que está detrás nosa reciba o nome de A Devesa do Rei, pero tamén A Bouza da Serra, A Fonte Armada, A Tomada dos Ineses e nalgún momento granxa-cultivo "O Esperanto".

Entre os anos 2007 e 2008, por iniciativa da Comunidade de Montes en Man Común de Sabaris, procedeuse á musealización do xacemento arqueolóxico para facer visitables os petróglifos concentrados nesta pequena zona, con motivos que van desde as simples coviñas ós circos simples e concéntricos, reticulados, alfabetiformes, estrela e zoomorfos (seguramente cabalos representados de forma esquemática no maior panel que coñecemos na Península Ibérica).

Nos encontramos a 186 metros sobre o nivel del mar en una zona deprimida ("portela") entre O Outeiro dos Lameiros por el norte y O Outeiro do Ceboleiro por el sur. En esta zona hay más de treinta superficies con petroglifos gravados desde hace unos 4000 años hasta finales del siglo XX. El yacimiento arqueológico fue descubierta en febrero de 1984. Es un lugar para la representación artística y fue cantera, lugar de paso de caminos, pasto, terreno de aprovechamiento de leña y establo, extrema entre parroquias y dehesa real para producción de madera para el rey, de ahí que la "tomada" (tierra acotada) que está detrás de nosotros reciba el nombre de A Devesa do Rei, pero también A Bouza da Serra, A Fonte Armada, A Tomada dos Ineses y en algún momento granja-cultivo "O Esperanto".

Entre los años 2007 y 2008, por iniciativa de la Comunidad de Montes en Man Común de Sabaris, se procedió a la musealización del yacimiento arqueológico para hacer visitables los petroglifos concentrados en esta pequeña zona, con motivos que van desde las simples cazoletas a los círculos simples y concéntricos, reticulados, alfabetiformes, estrella y zoomorfos (seguramente caballos representados de forma esquemática en el mayor panel que conocemos en la Península Ibérica).






O PETRÓGLIFO 1 é un dos gravados de maior beleza do Outeiro dos Lameiros.

Nesta laxe de 5x3 metros gravouse unha fermosa composición de motivos abstractos: circos concéntricos, circos simples e coviñas.

iem











No PETRÓGLIFO 2 -cunha superfície de 3 x 2 m.-
destacan as coviñas, rodeadas a maioría delas por
un circo (incluso a de maior tamaño -de 8 cm de
diámetro e 3 cm de fondo-).

iem










Animal coas patas máis curtas, o rabo moi longo e unha boas orellas que ben podería ser un raposo.



Probablemente se trate dun cévido xa que posúe unhas cornas e un rabiño revirichado.

Animal sen definir-moi deturpado-.




iem



No PETRÓGLIFO 8 aparecen tres cuadrúpedes rodeados por unha liña que parece encerralos.

Se vos fixades ben, representabamos o corpo dos animais con simples liñas -arte esquemática- (unha liña define o rabo, o lombo, a cabeza e o fociño; desta liña parten outras para indicar as catro patas e outras para as orellas ou as cornas).





*Unha figura con certa
apariencia antropomorfa.*



Dous zoomorfos de catro patas, un deles montado e adosado nos seus cadrís a dous circos concéntricos.

Dous rebaixes: un deles circular e outro cuadrangular -cun suco de saída-.

Figura abstracta que amosa unha grande harmonía compositiva, con circos simples, coviñas e liñas curvas tanxentes a unha greta natural.

No PETRÓGLIFO 9 vemos unha pequena superficie onde coinciden arte abstracta (coviñas, circos e liñas) e arte naturalista (xa que hai dous zoomorfos e un antropomorfo).





iem











No PETROGLIFO 11 (nunha superficie irregular de 5x3 metros) destacan outros dous reticulados.

Ademais, no petróglifo poden observarse coviñas de boas dimensións, liñas curvas e tamén un par de círculos simples.

iem











Figura máis complexa con suco máis ancho e profundo.



Coviñas gravadas entre dous círcos concéntricos.

Circo concéntrico con máis de dúas dúas de coviñas (microcoviñas).




iem




No PETRÓGLIFO 17 -nun afloramento granítico de máis de cinco metros de longo por dous de ancho- destacan unha serie de figuras abstractas (círcos, coviñas e liñas que comunican os distintos motivos).









No PETRÓGLIFO 21 (nunha pedra de 4'20 x 6'40 metros) hai gravados cinco reticulados -todos eles incompletos-.


Tedes que saber que na zona do Outeiro dos Lameiros -e arredores- acumúlase a maior concentración de reticulados de Galicia.

Por outra banda, pon en dúbida que sexan taboleiros de xogo, polo menos non todos xa que estes, a pesar de estaren nunha superficie horizontal, están sen rematar e chama a atención unha liña sinuosa que parte do extremo dun dos reticulados.












Finalmente está o PETRÓGLIFO 6 ou magnífico panel de Outeiro dos Lameiros.

Trátase dunha gran parede vertical -de quince metros de longo e cinco de altura- chea de zoomorfos e con algunhas figuras abstractas moi características.

Son moi escasas as superficies verticais con gravados (agás cando se trata de escenas de caza ou mostrarios de armas), polo que este gran panel ten un especial valor.

iem





P-6 OUTEIRO DOS LAMEIROS. SABARÍS. BAIONA







É a superficie con máis cuadrúpedes da arte rupestre galega -uns setenta e oito-, todos eles -agás catro- coa dirección do paso de esquerda a dereita.

Os arqueólogos -que son moi observadores- decatáronse de que se trata de cabalos (por estaren algúns montados, por careceren de cornas, e sobre todo, pola cola espesa co pelo caído cara ao chan).

Representación de équidos ultraesquemáticos



P-6 OUTEIRO DOS LAMEIROS. SABARÍS. BAIONA



Équidos “escapando” monte arriba



P-6 OUTEIRO DOS LAMEIROS. SABARÍS. BAIONA








Antropomorfo armado. Baixorrelevo.
Escena de caza. Équidos e cánidos.

P-6 OUTEIRO DOS LAMEIROS. SABARÍS. BAIONA








Presenza humana.
Antropomorfo e escenas de equitación.

P-6 OUTEIRO DOS LAMEIROS. SABARÍS. BAIONA



Dous cabalos bicándose.



P-6 OUTEIRO DOS LAMEIROS. SABARÍS. BAIONA






iem



Pero no panel non só hai animais gravados, tamén destacan unha serie de figuras abstractas:

- Na parte central do panel hai un óvalo con divisións interiores con coviñas e apéndices no lado dereito e na parte baixa, sen paralelo en Galicia.





P-6 OUTEIRO DOS LAMEIROS. SABARÍS. BAIONA





• Á esquerda do óvalo central hai unha especie de escada -que semella un cercado- pero os arqueólogos non saben o que quixeron representar os gravadores con esta figura...

Que opinades vós...?

iem







- Na zona da dereita -e a media altura- hai unha figura de seis raios curvos que conflúen nun punto central semellándose a unha estrela destroxira, chamada así porque o sentido do movemento simulado vai de esquerda a dereita.









Diante do panel hai un banzo -de 6 x 2 metros- sobre o que hai gravados circos concéntricos con coviña central.



INSTITUTO DE ESTUDOS MIÑORÁNS (IEM)

Proxecto TERRAESCOLA

Colexio Público de Mallón.
Equipo de Dinamización da LINGUA GALEGA

Val de Miñor, novembro 2022

